

VEN COMIGO

VEN COMIGO, IMOS VER O MAR
QUE QUERO APRENDER A NADAR.
VEN COMIGO, IMOS *GHABEAR*
POLAS MONTAÑAS DO NEPAL.

VEN COMIGO, IMOS COCIÑAR
CUN CHISCO DE ALLO E AZAFRÁN.
VOU CONTIGO AÍNDA QUE SEXA A MARTE
PARA ANIMARTE A CANTAR.

*VEN COMIGO, VEN,
TI PODES SUBIR E BRILLAR
E NO CEO SERÁS
IGUAL QUE UNHA ESTRELA FUGAZ. (BIS)*

VEN COMIGO, IREMOS DE EXCURSIÓN
DE CUSPEDRIÑOS A HONG KONG,
TI NA MOTO E EU NO SIDECAR
FAREMOS O PARÍS-DAKAR.

VEN COMIGO, VEN,
TAMÉN PODEMOS PASEAR,
PÓDESME ENTENDER
AÍNDA QUE SEXA SEN FALAR.

VEN COMIGO, VEN,
QUE TEÑO UN ELEVADOR,
IMOS DECUBRIR
O MUNDO QUE AÍNDA ESTÁ POR VIR.

*VEN COMIGO, VEN
TI PODES SUBIR E BRILLAR
E NO CEO SERÁS
IGUAL QUE UNHA ESTRELA FUGAZ.*

VEN COMIGO, VEN,
TAMÉN PODEMOS PASEAR,
PÓDESME ENTENDER
AÍNDA QUE SEXA SEN FALAR.

